

## TAREFA SEMANAL DO 26 AO 30 DE ABRIL

### LUNS

1. Papá comeu 321 amorodos e mamá tantos como papá. Cantos amorodos comeron entre os dous?
2. Debuxa as moedas e billetes que precisas para ter 15,20 €.

### MARTES

1. Ditado.  
O meu amigo Diego ten oito anos. Case sempre leva un chándal.  
É cariñoso, amable e simpático.  
Gústalle moito ler libros de aventuras, pero a súa gran afección é o fútbol.  
Os domingos xoga co equipo da Coruña.
2. Separa a seguinte oración correctamente.  
Otioluisquixocolertresamorodos.

### MÉRCORES

1. Paz comeu 59 cereixas e Alexandra 762.  
Cantas cereixas comeron en total?
2. Coloca as seguintes operacións e calcula

$267+35$

$412 \times 4$

$534-17$

## XOVES

1. Ditado.

Cando me doe a gorxa a miña nai dáme un xarope laranxa que está moi doce.

Ás veces teño que estar na cama porque teño algo de temperatura.

Aos dous días xa se me pasa a dor.

2. Escribe unha oración que conteña as palabras:

nena - bolboreta - ventá

## VENRES

1. Num xarrón hai 451 hortensias. Saquei 120. Cantas hortensias quedan no xarrón?

2. Conta de 20 en 20 desde 100 ata 300.